



## Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Lingua e Sociedade			Código	613G01048
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es		
Profesorado	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudio da interacción entre lingua e sociedade en diversos niveis, con especial atención ao estudo das situacións de contacto de linguas e á incidencia de factores sociais na configuración das actitudes e das ideoloxías lingüísticas.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A	B	C
Coñecer o panorama histórico, teórico e metodolóxico da Sociolingüística	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A11 A20 A21 A22	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9	C1
Coñecer diversas situacións de contacto de linguas	A1 A2 A4 A5 A9 A20 A21	B1 B3 B5 B6 B7 B8	C1
Coñecer a relación entre a diversidade lingüística e distintos factores sociais	A1 A2 A4 A5 A9 A20 A21	B1 B3 B5 B6 B7 B8	C1
Coñecer como afectan diversos factores sociais ás actitudes e ás ideoloxías lingüísticas	A1 A2 A4 A5 A9 A14 A15 A20 A21	B1 B3 B5 B6 B7 B8	C1
Organizar e expor contidos propios do campo sociolingüístico de forma adecuada e eficiente, adoptando unha perspectiva interdisciplinar ampla e crítica, en constante revisión.	A4 A5 A8 A9 A11 A23	B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Algúns conceptos básicos.	Lingua, dialecto, sociolecto, rexistro, comunidade de fala, repertorio lingüístico, competencia comunicativa etc.
Delimitación teórica e histórica da Sociolingüística.	Ámbito da Sociolingüística. Diversidade de enfoques. Orixes.



Distribución espacial e social da diversidade lingüística e diversas configuracións que adopta.	Solucións comunicativas nos espazos tradicionalmente multilingües. A estandarización das linguas como técnica e como ideoloxía. As linguas internacionais. A constitución dun sistema lingüístico e comunicativo mundial. As situacións de diglosia. As peculiaridades dos pidgins e crioulos etc.
Estudo específico do bilingüismo nas súas dimensións individual e social.	Dimensións do bilingüismo. A conduta bilingüe.
Factores que inflúen no mantemento e na substitución das linguas.	Revisión crítica dos factores que hipoteticamente inciden no mantemento e substitución das linguas. Análise crítica do discurso sobre este tema.
A morte das linguas: revisión dos prognósticos efectuados para este século e análise dalgúns casos de revitalización.	Análise crítica do discurso sobre a &quot;morte&quot; das linguas. Estudo dalgúns casos de revitalización.
Usos lingüísticos na comunidade plurilingüe.	Interferencias, alternancia de códigos, interlingua, fala estranxeira etc.
Actitudes e ideoloxías lingüísticas.	Que son, como se manifestan, como inflúen e como se investigan.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A11 A14 A20 A21 A22 A23 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C6 C7	12	10	22
Lecturas	A1 A2 A3 A11 A14 A20 A21 A22 A23 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C6 C7	0	26	26
Recensión bibliográfica	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A11 A14 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6 C7	0	8	8
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 A8 A9 A11 A14 A15 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 C1 C6 C7	4.5	24	28.5
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A11 A15 A23 B4 B5 B6 B7 C1 C6	0	1	1
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A11 A15 A20 A21 A22 A23 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C6	15	8	23
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	O profesor exporá organizadamente contidos fundamentais da materia, e responderá todas as dúbidas e cuestións formuladas polos/as estudantes a partir das súas lecturas obrigatorias. Prestarase especial atención ás implicacións teóricas e á dimensión aplicada dos contidos.
Lecturas	A maior parte dos contidos do curso recóllense no dossier de lecturas obrigatorias: a relación destas lecturas facilitarase ao inicio de curso. As lecturas poden estar en diversos idiomas: as linguas básicas da materia son o galego, o castelán e o inglés. O/a estudante deberá ler os materiais correspondentes a cada tema antes de tratarse na aula, seguindo as indicacións do profesor/a.
Recensión bilbiográfica	O/a estudante deberá realizar informes críticos de lectura e/ou recensións bibliográficas, para o que se axustará ao formato que se indique.
Traballos tutelados	O/a estudante deberá realizar un ou dous traballos académicos individuais. O tema será determinado polo profesor, e este proporcionará as indicacións e guía necesarias nas titorías. O/a estudante deberá informar regularmente ao profesor sobre o desenvolvemento do traballo, consultarlle as súas dúbidas e atender as súas indicacións.
Proba mixta	É unha proba mixta escrita de tipo teórico e aplicado que se realizará ao final de curso, e só en casos extraordinarios cando as circunstancias o aconsellen. Véxase o apartado de "Observacións" á avaliación.
Obradoiro	Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates, textos complementarios, actividades prácticas en grupo, análise contrastiva de propostas de diferentes autores, escolas ou momentos históricos, solución de problemas, estudo de casos...: todo isto de forma secuencial e combinada, perseguindo un propósito único de adquisición de determinados contidos e desenvolvemento de certas competencias.  Todo este traballo do alumno avaliarase no apartado de "Asistencia e participación", e algunhas das tarefas (individuais ou colectivas) avaliaranse especificamente no apartado de "Actividades realizadas".

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Recensión bilbiográfica Obradoiro Traballos tutelados Proba mixta	O profesor fará un seguimento personalizado do/a estudante, observando fundamentalmente a súa integración, participación e desempeño no traballo colaborativo do grupo, ademais do seu progreso individual.  A atención personalizada desenvolverase fundamentalmente nas titorías individuais ou grupais (moi especialmente nas titorías de seguimento do traballo tutelado). Estas realizaranse presencialmente ou por videoconferencia (segundo considere oportuno o/a docente), e poderán ser por iniciativa do profesor/a ou do/a estudante.  Aconséllase que o/a estudante solicite sen dilación unha titoría co profesor/a cando queira abordar dúbidas ou cuestións que non poden tratarse na aula. Tamén se aconsella que acorde previamente a titoría por correo electrónico, para ter garantida a dispoñibilidade do docente.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A11 A14 A20 A21 A22 A23 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C6 C7	Por asistencia e participación nas aulas poderase obter un 10% (un punto). No caso de asistir a menos de 10 sesións completas, o estudante obterá un 0.0 neste apartado. O/a estudante deberá entregar ao profesor/a unhas preguntas antes de cada sesión presencial sobre os materiais que se vaian tratar nela seguindo as indicacións do profesor: teranse en conta para a avaliación no apartado de "Asistencia e participación".  A porcentaxe atribuída é orientativa, non real, por esixencias da aplicación (véxanse as Observacións máis abaixo).	10
Recensión bilbiográfica	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A11 A14 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6 C7	O/a estudante poderá ter que realizar algún(s) informe(s) de lectura ou recensión(s) bibliográfica(s). Deberán axustarse ao formato que se especifique e entregarse nas datas e pola vía establecidas.  A porcentaxe atribuída é orientativa, non real, por esixencias da aplicación (véxanse as Observacións máis abaixo).	15



Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A11 A15 A20 A21 A22 A23 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C6	Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates, textos complementarios, actividades prácticas en grupo, análise contrastiva de propostas de diferentes autores, escolas ou momentos históricos, solución de problemas, estudo de casos... Todo este traballo do alumno avaliarase no apartado de "Asistencia e participación" (10%); ademais, algunhas das tarefas (individuais e colectivas) poderán avaliarse especificamente no apartado de actividades realizadas (ata un 60%).  A porcentaxe atribuída é orientativa, non real, por esixencias da aplicación (véxanse as "Observacións" máis abaixo).	44
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 A8 A9 A11 A14 A15 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 C1 C6 C7	O/a estudante deberá realizar un ou dous traballos académicos individuais. O tema será determinado polo profesor/a, e este proporcionará as indicacións e guía necesarias nas titorías. Ademais, se as circunstancias o permiten, deberá expoñelo/s e defendelo/s.	30
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A8 A9 A11 A15 A23 B4 B5 B6 B7 C1 C6	Só se realizará esta proba en casos moi específicos en que as circunstancias o aconsellen. Cando se utilice, terá na cualificación final o peso porcentual que non puido obterse doutra forma.  A porcentaxe atribuída é orientativa, non real, por esixencias da aplicación (véxanse as Observacións máis abaixo).	1

## Observacións avaliación



1. A CUALIFICACIÓN FINAL DA PRIMEIRA OPORTUNIDADE (xuño 2024) responderá á seguinte distribución porcentual:

1.1. Un 60% responderá a diversas actividades realizadas dentro e fóra da aula, grupais e/ou individuais, no marco dos obradoiros. Este apartado comprenderá 3-4 tarefas, que entregarán no momento, lugar e formato que se indiquen.

1.2. Un 30% responderá ao traballo titorizado que o/a estudante realizará sobre un tema determinado polo profesor, incluíndo a súa posible exposición e defensa, así como os materiais desenvolvidos para a transmisión dos contidos aos restantes participantes no curso.

1.3. Un 10% responderá á asistencia, participación e desempeño do estudante no desenvolvemento da materia, é dicir, tanto nas aulas presenciais como no traballo fóra delas.

1.4.a. Quen teña unha dispensa académica oficial (DAO) realizará as mesmas actividades e traballos que o resto dos/das estudantes, excepto aquelas que requiran presencialidade na aula; estas últimas substituiranse por outras tarefas. No caso do traballo titorizado, a súa posible exposición na aula substituirase por unha gravación da mesma en Teams. Só en casos moi específicos e xustificados se considerarán outras solucións. A súa cualificación final responderá á seguinte distribución porcentual: un 35% polo traballo titorizado, e un 65% polas restantes actividades avaliábeis.

1.4.b. Quen curse a materia por segunda ou máis veces poderá optar polo sistema ordinario de avaliación ou polo do alumnado con dispensa académica oficial.

1.5. Recibirá a cualificación final de Non Presentado (N.P.) quen entregue menos da metade das tarefas do apartado 1.1 (ou, de ser o caso, non realizara a proba mixta) e non realice o traballo titorizado (ou, de ser o caso, a proba mixta).

1.6. Os traballos, actividades ou informes/recensións nos que se detecte copia total ou parcial cualificaranse con cero puntos, e mesmo poderán supoñer o suspenso global na materia. Os entregados fóra de prazo sufrirán unha redución considerable na cualificación ou mesmo se computarán só na 2.ª oportunidade de xullo.

1.7. A materia poderá ser adaptada ao alumnado que precise da adopción de medidas de apoio á diversidade, consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade.

Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade ([pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)). En todo caso, quen solicitou que se lle recoñeza a condición de estudante con adaptación e aínda non se lle comunicou a decisión, debe informar ao coordinador da materia ([manuel.fernandez.ferreiro@udc.gal](mailto:manuel.fernandez.ferreiro@udc.gal)).

1.8. Superará a materia quen obteña unha cualificación mínima global de 5.00, sempre que realizara o traballo titorizado e entregara polo menos a metade das outras actividades avaliábeis encomendadas.

## 2. SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO (xullo 2024)

2.1. O reparto porcentual será idéntico ao da 1.ª oportunidade, e conservaranse as cualificacións obtidas nela. Os/as estudantes deberán realizar as actividades, informes/recensións e traballos encargados (ou os que os substitúan) que non realizaran ou superaran no seu momento.

2.2. Quen deba realizar a proba mixta e non a superara, deberá facelo na data de xullo establecida polo centro.

2.3. A quen recibira unha cualificación inferior a 5.00 no apartado de 'Asistencia, participación e desempeño', aplicaráselle a mesma distribución porcentual na cualificación final que aos estudantes con DAO.

## 3. OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN ADIANTADA (decembro 2023)

3.1. Poden presentarse a esta oportunidade só estudantes cuns poucos créditos pendentes para rematar a titulación. Consúltese a documentación pertinente na web da UDC.

3.2. Realizarase a avaliación exclusivamente mediante unha PROBA MIXTA ESCRITA de carácter teórico-práctico, pola que se outorgará o 100% da cualificación. Recoméndase que o/a estudante contacte o antes posible co profesor se desexa presentarse a esta oportunidade.

4. A fraude académica é absolutamente inaceptable. O profesor/a poderá utilizar ferramentas de busca e anticopia (entre elas Turnitin) para detectar plaxios nos materiais que

desenvolvan os/as estudantes durante o curso. De atopárense coincidencias que exceden o razoable, terá consecuencias na súa cualificación: desde a minoración da cualificación ou o suspenso no traballo específico, ata a cualificación global de

suspenso na materia. Lémbrese a este respecto que o Regulamento disciplinar do estudantado da UDC recolle que a fraude académica é unha falta grave ou moi grave, e establece as sancións para estes casos: véxanse, entre outros, os artigos 10.3.f e 11.4.b ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2023/007335](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/007335)).

Lémbrese que o mesmo Regulamento prohíbe

a gravación, uso e distribución indebidos dos materiais utilizados nas materias:

non se poderán gravar ou distribuír por medio algún os materiais escritos e audiovisuais

utilizados na materia, con propósitos alleos aos propios dela.

A expresión escrita e a oral serán sempre axeitadas. A falta de corrección ortográfica, de estilo e/ou de adecuación expositiva reflectirase negativamente nas cualificacións.



## Fontes de información

### Bibliografía básica

Manuais, obras introdutorias, readers Appel, René & Pieter Muysken (1996). Bilingüismo y contacto de lenguas. Barcelona: Ariel. [Orix.: Language Contact and Bilingualism. London: Edward Arnold, 1987.] (\*\*\*) Bell, Allan (2014). The Guidebook to Sociolinguistics. Malden, MA / Oxford: Wiley Blackwell. (\*\*\*) Coupland, Nikolas & Adam Jaworski (eds.) (2009). The New Sociolinguistics Reader. Basingstoke, UK / New York, NY: Palgrave Macmillan. Fasold, Ralph (1996[1984]). La sociolingüística de la sociedad. Madrid: Visor. [Orixinal en inglés: The Sociolinguistics of Society. Oxford: Blackwell, 1987]. Holmes, Janet & Nick Wilson (2008). An Introduction to Sociolinguistics (= Learning about language). Harlow, Essex: Pearson Education - Longman. (\*\*\*) Jones, R. H. & C. Themistocleous (2022). Introducing Language and Society. Cambridge: Cambridge University Press. (\*\*\*) Mesthrie, Rajend, Joan Swann, Andrea Deumert & William L. Leap (2009). Introducing Sociolinguistics (2nd edition). Edinburgh: Edinburgh University Press. (\*\*\*) Meyerhoff, Miriam (2006). Introducing Sociolinguistics. London / New York: Routledge. Meyerhoff, Miriam & Erik Schleeff (eds.) (2010). The Routledge Sociolinguistics Reader. London / New York: Routledge. Mooney, A., & B. Evans (2015). Language, Society and Power: An Introduction (4th edition). London / New York: Routledge. Moreno Fernández, Francisco (2009). Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje (4.ª edición) (= Ariel Letras). Barcelona: Ariel. Romaine, Suzanne (1996). El lenguaje en la sociedad: una introducción a la sociolingüística. Barcelona: Ariel [Orix. inglés: Language in Society: An Introduction to Sociolinguistics. Oxford: Oxford University Press 1994. Hay 2.ª edición en inglés.] (\*\*\*) Wardhaugh, Ronald & Janet M. Fuller (2021). An Introduction to Sociolinguistics (8th edition) (= Blackwell Textbooks in Linguistics; 4). Malden, MA / Oxford, UK: Wiley Blackwell. [Hai versión en galego da primeira edición.] (\*\*\*) Métodos e técnicas de investigación Hernández Campoy, Juan Manuel & Manuel Almeida (2005). Metodología de la investigación sociolingüística [prólogo de Peter Trudgill] (= Estudios de Lengua Inglesa; 12). Málaga: Editorial Comares. Holmes, Janet & Kirk Hazen (eds.) (2014). Research Methods in Sociolinguistics: A Practical Guide (= Guides to Research Methods in Language and Linguistics; 5). Malden, MA / Oxford, UK: Wiley Blackwell. (\*\*\*) Krug, Manfred & Julia Schluter (eds.) (2013). Research Methods in Language Variation and Change. New York: Cambridge University Press. (\*\*\*) Lawson, Robert & Dave Sayers (eds.) (2016). Sociolinguistic Research. Application and Impact. London: Routledge. Mallinson, Christine, Becky Childs & Gerard van Herk (eds.) (2018). Data Collection in Sociolinguistics: Methods and Applications. London / New York: Routledge. Meyerhoff, Miriam, Erik Schleeff & Laurel MacKenzie (eds.) (2015). Doing Sociolinguistics: A Practical Guide to Data Collection and Analysis. London / New York: Routledge.





<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Manuais, obras introductorias, readers Adamou, E. &amp; Y. Matras (eds.) (2021). The Routledge Handbook of Language Contact (= Routledge Handbooks in Linguistics). London / New York: Routledge. Amorós Negre, Carla (2014). Las lenguas en la sociedad (= Claves de la lingüística). Madrid: Síntesis. Berruto, Gaetano (2016). Sociolinguistica dell'italiano contemporaneo. Roma: Carocci editore. Berruto, Gaetano &amp; Massimo Cerruti (2019). Manuale di sociolinguistica. Torino: UTET Università. Blas Arroyo, José Luis (2005). Sociolingüística del español: desarrollos y perspectivas en el estudio de la lengua española en contexto social. Madrid: Cátedra. Boyer, H. (2017). Introduction à la sociolinguistique (2e édition). Malakoff: Dunod Editeur. Chambers, J.K. (2003). Sociolinguistic Theory: Linguistic Variation and its Social Significance (2nd edition) (= Language in society; 22). Oxford: Blackwell. Coulmas, Florian (2005). Sociolinguistics: The Study of Speaker's Choices. Cambridge: Cambridge University Press. Díaz-Campos, M. (2011). The Handbook of Hispanic Sociolinguistics. Oxford: Wiley-Blackwell. Fasold, Ralph (1987). The Sociolinguistics of Society. Oxford: Blackwell. Fasold, Ralph (1990). The Sociolinguistics of Language. Oxford: Blackwell. Hernández-Campoy, J. M. &amp; J. C. Conde-Silvestre (eds.) (2012). The Handbook of Historical Sociolinguistics. Malden, MA / Oxford: Wiley-Blackwell. López Morales, Humberto (2004). Sociolingüística (3.ª edición). Madrid: Gredos. Mesthrie, Rajend (ed.) (2001). Concise Encyclopedia of Sociolinguistics. Amsterdam: Elsevier Science Ltd. Mesthrie, Rajend (ed.) (2011). The Cambridge Handbook of Sociolinguistics (= Cambridge Handbooks in Language and Linguistics). Cambridge: Cambridge University Press. Paulston, Christina Bratt &amp; G. Richard Tucker (2003). Sociolinguistics: The Essential Readings. London: Blackwell. Silva-Corvalán, Carmen (1989). Sociolingüística: teoría y análisis. Madrid: Alhambra. Stockwell, Peter (2002). Sociolinguistics: A Resource Book for Students (= Routledge English Language Introductions Series). London / New York: Routledge. Swann, Joan et al. (2004). A Dictionary of Sociolinguistics. Tuscaloosa: University of Alabama Press. Wodak, Ruth, Barbara Johnstone &amp; Paul E. Kerswill (eds.) (2010). The Sage Handbook of Sociolinguistics. London: Sage Publications. Métodos e técnicas de investigación Heller, Monica, Sari Pietikäinen &amp; Joan Pujolar (2018). Critical Sociolinguistic Research Methods: Studying Language Issues That Matter. London / New York: Routledge. Litosseliti, Lia (ed.) (2018). Research Methods in Linguistics (2nd edition). Bloomsbury Publishing. López Morales, Humberto (1994). Métodos de investigación lingüística (= Biblioteca filológica; 1). Salamanca: Colegio de España. Podesva, Robert J. &amp; Devyani Sharma (eds.) (2013). Research Methods in Linguistics. Cambridge: Cambridge University Press. Rasinger, S. M. (2019). La investigación cuantitativa en lingüística. Una introducción. Madrid: Akal. Wei, Li &amp; Melissa G. Moyer (eds.) (2008). The Blackwell Guide to Research Methods in Bilingualism and Multilingualism. Malden, MA: Blackwell. Outras obras Aitchison, Jean (1993). El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia? Barcelona: Ariel, 1993. [Orixinal en inglés: Language Change: Progress or Decay? London: Fontana, 1981.] Aronin, Larissa (2012). Multilingualism. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins. Bernárdez, Enrique (1999). ¿Qué son las lenguas? (= Filología y Lingüística. Ensayo). Madrid: Alianza Editorial. Blommaert, Jan (2010). The Sociolinguistics of Globalization. New York: Cambridge University Press. Calvet, Louis-Jean (2004). Por unha ecoloxía das linguas do mundo. Ames: Laiovento. [Orixinal en francés: 1999]. Coupland, Nikolas (ed.) (2010). The Handbook of Language and Globalization. Malden, MA: Wiley-Blackwell. Coupland, Nikolas (ed.) (2016). Sociolinguistics: Theoretical Debates. Cambridge / New York: Cambridge University Press. Del Valle, José (ed.) (2007). La lengua ¿patria común? Ideas e ideoloxías del español. Frankfurt / Madrid: Iberoamericana / Vervuert. Edwards, John (2010). Minority Languages and Group Identity: Cases and Categories. Amsterdam / Philadelphia, PA: John Benjamins. Garrett, Peter (2010). Language Attitudes. New York: Cambridge University Press. Hall, Christopher, Patrick H. Smith &amp; Rachel Wicaksono (2011). Mapping Applied Linguistics: A Guide for Students and Practitioners. London / New York: Routledge. Halliday, M. A. K. (2009). Language and Society. London: Continuum. Hickey, Raymond (ed.) (2010). The Handbook of Language Contact (= Blackwell Handbooks in Linguistics). Malden, MA / Oxford, UK: Wiley-Blackwell. Martin-Jones, Marilyn et al. (eds.) (2011). The Routledge Handbook of Multilingualism. New York: Routledge. Milroy, Lesley &amp; Matthew Gordon (2003). Sociolinguistics: Method and Interpretation (= Language in Society; 34). Oxford, UK / Malden, MA: Blackwell Publishing. Milroy, Lesley (1989). Language and Social Networks. Oxford, UK: Basil Blackwell. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2016). Multilingüismo y lenguas en contacto. Madrid: Síntesis. Swaan, Abram de (2001). Words of the World: The Global Language System. Cambridge: Polity Press.</p>
------------------------------------	---

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
<p>Recoméndaselle ao/á estudante que lea atentamente esta guía docente.</p> <p>Nela atopará resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso; pode acudir ao profesor para aclarar calquera cuestión ao respecto. Para que o estudante aproveite mellor esta materia, é importante que preste especial atención ao seguinte: Realice puntualmente as lecturas e actividades encomendadas; estas deben entregarse no momento, forma e soporte establecidos. Participe activa e criticamente nas aulas expoñendo as súas ideas e dúbidas, ademais de escoitando e valorando as dos/as outros/as estudantes. Traballe colaborativamente cos seus compañeiros/as. O plaxio total ou parcial de actividades é inadmisibile. Pode conlevar a perda de máis puntuación có valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia.</p> <p>A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra. Considérase moi grave a copia total ou parcial de traballos elaborados por outros/as estudantes. Nas exposicións escritas deben coidarse a corrección ortográfica, o estilo e a adecuación expositiva; de igual forma, as exposicións orais deben adecuarse ao contexto académico e aos obxectivos perseguidos. De non ser así, reflectirase negativamente nas cualificacións.</p>

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías